



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS**

Expediente convocatoria: 2025000036633

Expediente nomeamento xurado: 2025000047529

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEA O XURADO DO XII PREMIO CONCEPCIÓN ARENAL A
PROXECTOS EDUCATIVOS POLA IGUALDADE DE XÉNERO 2025**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

De conformidade coas Bases reguladoras do premio, publicadas no BOP número 185 do 29 de setembro 2025, e logo de ver os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear o xurado do premio, que estará composto polas persoas seguintes:

Preside: María Soledad Agra Tuñas, Deputada delegada de Políticas de Igualdade de Xénero.

Vogais:

- Eva Ovenza Pereira, Técnica de políticas de igualdade da Deputación da Coruña da Deputación da Coruña
- Sara Vierna Fernández, Educadora social, máster en xénero e políticas de igualdade, posgrado en Educación Emocional e Coaching Educativo. Especialista en igualdade de xénero e educación emocional no eido educativo.
- Ánxela Lema París, Investigadora posdoutoral Margarita Salas, membro do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) da Universidade da Coruña e colaboradora do proxecto EDILIGAL. Obtivo o título de doutora en Estudos de xénero e literarios pola Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Université Paris 8 Vincennes Saint Denis, coa tese titulada “Deconstruír o erotismo poético desde as nonmonogamias.

Secretaria

Manuela Muñiz Souto, xefa do Servizo de Acción social, cultura e deportes, e na súa ausencia, Carolina Buhigas Jack, xefa da Sección de Servizos Sociais.

Segundo.- Fixar os honorarios, que se abonarán ás persoas do xurado despois da retención do IRPF correspondente, con cargo á partida 0611/23122/22699 do vixente orzamento, documento contable A con número de operación 220250050481.

Número Expediente	Nome e apelidos	NIF	Importe honorarios	IRPF	Importe líquido a percibir
2025000048404	SARA VIERNA FERNANDEZ	***9211**	800,00 €	120,00€	680,00€
2025000048606	ANXELA LEMA PARIS	***6570**	800,00 €	120,00€	680,00€

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.